



CONCELLO DE MUROS

BANDO MUNICIPAL

Desexamos informar a toda a veciñanza que co obxectivo de mellorar e modernizar as nosas instalacións, decidimos ampliar o peche técnico da Piscina Municipal de Muros.

A ampliación débese a tres razóns fundamentais:

- Subsanación de deficiencias importantes na instalación: É necesario abordar as deficiencias que xurdiron co tempo na nosa piscina.
- Mellora da eficiencia enerxética: Realizaremos melloras significativas na eficiencia enerxética das nosas instalacións. Isto inclúe a actualización de sistemas como caldeiras, melloras na ventilación e o arranxo de xanelas.
- Mellora da salubridade: Levaranse a cabo traballos de renovación das áreas afectadas e a implementación de medidas para garantir un ambiente hixiénico.

Entendemos que este peche pode xerar inconvenientes para as persoas abonadas e persoas usuarias, e queremos expresar as nosas máis sinceras desculpas por calquera molestia que isto poida causar.

Agradecemos a súa comprensión e paciencia mentres traballamos para facer que a Piscina Municipal sexa un lugar aínda mellor para a veciñanza. Esperamos volver abrir as nosas portas cunha instalación renovada e lista para servirles da mellor maneira posible o próximo mes de novembro.

Muros, 14 de setembro 2023

A alcaldesa
María Lago Lestón